

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO (A CORUÑA)
CELEBRADO O DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2023.**

ASISTENTES

ALCALDE

Ana M^a López Fernández

**CONCELLEIROS/AS
GRUPO P.P**

Miguel A. Pérez Fraguela
Laura García Ruíz
Miriam Rodríguez Fernández

GRUPO PSGA-PSOE

José M. Alonso Pumar
Jonathan I. Miranda Lucas
Carmen del Río Fraguela

GRUPO BNG:

Adrián Pernas Lamas
Carlos Castro Durán
M^a Joaquina Martínez Pego

SECRETARIA ACCTAL:

M^a Dolores Crego López

INTERVENTORA:

Ausente

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día vinteiro de setembro de dous mil vinte e tres, reúnen os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia da Alcaldesa, Ana M^a López Fernández. Asiste a Secretaria da Corporación, Alejandra Pardo Vázquez. O obxecto da reunión é realizar sesión ordinaria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

ORDE DO DIA:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: 03/08/2023.
- 2º.- Dación de conta dos decretos da Alcaldía dende o 29/07/2023 a 25/09/2023 (do 346 ao 422)
- 3º.- Dación de conta da renuncia do Concelleiro, D. Manuel Fraguela Castro.
- 4º.- Aprobación do Pos+ Adicional 2/2023
- 5º.- Aprobación do Modificado do Proxecto de ADECUACION DA INTALACION ELECTRICA DA CASA DA CULTURA AO NOVO REG. ELECTROTECNICO DE BAIXA TENSION, incluído no Pos+ Adic. 2/2022
- 6º.-MOCIÓNS

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 03/08/2023.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en adiante), a Alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións á acta da sesión de 03/08/2023, enviada a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

O Concelleiro Carlos Castro advirte que hai un erro no acordo do punto terceiro, xa que figura un acordo anterior, cando debería aparecer o dictaminado na Comisión Informativa que é:

PRIMEIRO: *Propoñer ao Concello de TEO, en representación da Administración Local, no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria.*

SEGUNDO: *Dar conta do presente acordo ao Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de A Coruña”.*

Con esta observación, a acta resulta aprobada por unanimidade.

2º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DENDE O 29/07/2023 AO 25/09/2023 (DO 346 AO 422)

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros, dáse por enterado dos Decretos de referencia.

3º.- DACIÓN DE CONTA DA RENUNCIA DO CONCELLEIRO D. MANUEL FRAGUELA CASTRO.

Visto o ditame favorable da C.I de Facenda, Desenvolvemento Local e empresarial, Mar, Comercio, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras de 25/09/2023.

Visto o escrito presentado en data 05/09/2023 polo concelleiro Manuel Fraguela Castro renunciando á súa condición de concelleiro do Concello de Cariño, cargo que exerce na actualidade e do que tomou posesión na sesión constitutiva da Corporación de data 17 de xuño de 2023, ao ser proclamado electo coa candidatura presentada polo Partido Popular, e de conformidade co previsto na lexislación electoral e de réxime local, así como na Instrución da Xunta Electoral Central sobre substitución de cargos representativos locais, de 10 de xullo de 2003.

O Pleno corporativo, por unanimidade do seus membros:

ACORDA:

En primeiro lugar a Sra. Alcaldesa explica o contido da proposta, e di que este ano se vai dedicar todo a gastos correntes que non é outra cousa que pago de facturas ordinarias (luz, recollida de lixo, etc) e non créditos.

O Sr. Castro dí que lle da pena que non se destinase todo ou parte a inversións, pero que se ven que a prioridade é esa neste momento, pois parécelle ben.

O Sr. Alonso di que o seu grupo vaise abster, e recalca que os gastos que cubra teñen que ser todos deste ano.

O Pleno corporativo por catro votos a favor do grupo municipal do PP, seis abstencións do grupo municipal do PSG-PSOE e BNG, **ACORDA:**

1.- “Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2023”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2023, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2023 base	260.794,70 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2023:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa	Total concello	

Visto o ditame favorable da C.I de Facenda, Desenvolvemento Local e empresarial, Mar, Comercio, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras de 25/09/2023, que establece:

PRIMEIRO.- Aprobar o Modificado do Proxecto de “ADECUACION DA INTALACION ELECTRICA DA CASA DA CULTURA AO NOVO REG. ELECTROTECNICO DE BAIXA TENSION, por importe de 33.469,25 €, asinado dixitalmente o 25 de marzo de 2023, polo Enxeñeiro Técnico Industrial Emilio García Baña, colexiado nº 2065 do COETICOR, incluído no Pos+ Adicional 2/2022.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial.

A Sra. Alcaldesa explica que é unha obra necesaria, pois coa súa execución evitaríase ter que poñer un xerador de corrente cada vez que hai actos na Casa da Cultura.

O Sr. Castro di que van votar a favor, xa que cómpre adecuar a seguridade do edificio e ao mesmo tempo reducirase o gasto que supón o aluguer do xenerador

O Sr. Alonso di que o seu grupo vai votar a favor, que xa era unha obra do Pos adicional do ano pasado, que xa entendía daquela que era unha necesidade imperiosa xa que a instalación eléctrica ten trinta anos, e que xa foi revisado pola Deputación. Advirte tamén que o edificio está nun valeiro legal pois fíxose unha vez aprobada a Lei de Costas e daquela non se tramitara as autorizacións que agora exixen.

O Pleno corporativo por unanimidade de votos a favor **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o Modificado do Proxecto de “ADECUACION DA INTALACION ELECTRICA DA CASA DA CULTURA AO NOVO REG. ELECTROTECNICO DE BAIXA TENSION, por importe de 33.469,25 €, asinado dixitalmente o 25 de marzo de 2023, polo Enxeñeiro Técnico Industrial Emilio García Baña, colexiado nº 2065 do COETICOR, incluído no Pos+ Adicional 2/2022.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial.

6º.-MOCIÓN.-

A Sra. Alcaldesa pregunta se algún grupo quere presentar algunha moción, pola vía de urxencia.

O Sr. Castro, portavoz do BNG, di que o seu grupo quere presentar unha moción sobre o transporte de viaxeiros na comarca. Argumenta a urxencia do seguinte xeito:

“Xustificamos a urxencia da moción porque o Pleno xa estaba convocado e non puidemos incluíla de maneira ordinaria para cando tivemos constancia de queixas de moitos usuarios do deficiente servizo do transporte público que se ofrce tanto no concello de Cariño como nos concellos das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal.

Os horarios que ás veces son incompatibles coa vida laboral e familiar da nosa veciñanza pero que favorecen ás empresas adxudicatarias. Tamén por eliminar conexións que favorecían o transporte entre os concellos colindantes, como pasa coa liña Ortigueira-Mera-Cariño

Conexións que poderían axudar a que a nosa mocidade poida estudar en concellos da zona ou incluso en lugares como Viveiro e seguir residindo en Cariño, ou xent que viva noutros concellos poidan estudar no noso concello. Todo isto fai que a xuventude destas zonas non teñan as mesmas oportunidades de estudos que os de zonas urbanas e crea unha discriminación moi inxusta que aumenta o grande problema de despoboación da nosa vila.

Esta moción intenta pedir responsabilidades tanto a empresa adxudicataria do servizo de transporte como ó goberno da Xunta de Galicia que ten que velar polo cumprimento deses contratos. Levamos tempo escoitando falar dende a Xunta que se está levando a cabo a “lexislatura do rural” mais para nós parece a “lexislatura do desmantelamento do rural”.

E por iso pedimos o voto de urxencia e poder debater esta moción que vemos importante para reducir o illamento que temos por un sistema de transporte público moi deficitario.

Sométese a votación a urxencia, e por unanimidade acéptase debater a moción que a continuación se transcribe:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG AO PLENO DO CONCELLO SOBRE A SITUACIÓN DO TRANSPORTE POR ESTRADA NA COMARCA

Desde o BNG sempre acreditamos que o transporte colectivo de carácter público -baseado sempre no seu carácter inclusivo para todas as persoas usuarias- é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén un labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela. Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións, así como de accidentes ou colapsos e ruídos nos espazos urbanos.

Ao fío da instauración do último plan de transporte de Galiza, son milleiros as queixas de persoas usuarias, colectivos e traballadores ante este novo modelo no deseño das licitacións públicas e da súa execución ou posta en práctica. Este novo plan de transporte está a deixar na nosa comarca unha situación realmente caótica; con eliminación de horarios, itinerarios e paradas, cuestión que repercute negativamente na vida diaria da veciñanza. Este último plan de transporte de Galiza deixa fóra moita da poboación da comarca que este plan de transporte non ten nin en consideración, situación agravada pola falta de oferta de alternativa de transporte por parte de quen ten a competencia, a Xunta de Galicia.

Unha situación que deriva dos evidentes incumprimentos por parte da adxudicataria MONBUS, mais tamén da complicidade da Xunta; como responsábel da adxudicación do servizo e garante das cláusulas que se explicitan nos mesmos. E cómpre lembrar que, para o desenvolvemento do transporte metropolitano na nosa comarca, asinouse un convenio hai dous anos -que deriva nunha importante aportación económica por parte dos concellos- no que se expresa coma un dos obxectivos fundamentais “...proceder á execución dunha serie de actuacións conxuntas que permitan o mellor desenvolvemento do transporte metropolitano no seu ámbito, como medidas de fomento de mobilidade sostible...”. Nada máis lonxe da realidade... Lonxe

do cumprimento dos obxectivos fixados no convenio resulta totalmente caótica: incumprimento de horarios e itinerarios, insuficiencia e malas condicións dos medios utilizados, carencias de persoal , etc...Unha situación que levamos aturando desde hai tempo, e dun xeito indecente desque a Xunta procedeu á nova adxudicación ao monopolio que representa a empresa MONBÚS; e que está a ser denunciada desde diversos colectivos e institucións, sen que se producise mellora algunha das deficiencias comentadas.

Con este panorama, resulta evidente que os obxectivos que se concretan no convenio asinado vai para dous anos —no que os concellos achegan en cada anualidade 2021- 2024 máis de 350.000 euros- están a incumprirse por parte da Xunta, que é realmente a que tén que velar porque as empresas adxudicatarias cumpran os seus contratos que, entendemos, deberían responder ao contido do convenio asinado cos concellos.

Este último plan de transporte de Galiza, ademais deixa fóra moita da poboación da comarca, á que o plan e os seus responsables non teñen nin en consideración, situación agravada pola falta de oferta de alternativa de transporte por parte de quen ten a competencia, a Xunta de Galicia.

Neste contexto, e atendendo á defensa dos intereses das persoas usuarias e tamén á transparencia e obxectividade no referente ao destino dos fondos municipais que os concellos están a dirixir ao cumprimento do convenio, e tendo presente a realidade dos concellos rurais, así como a lexislación competencial e o actual sistema de financiamento municipal, solicitamos do Pleno do Concello a adopción dos seguintes ACORDOS

Primeiro. O Pleno do Concello, á vista dos problemas que está a padecer o servizo de transporte público de viaxeiros a nosa comarca que afecta directamente ao conxunto dos nosos veciños e veciñas, acorda demandar da Xunta unha urxente solución á citada problemática; concretada especialmente no reforzo e adaptación de servizos en horas que demandan os colectivos de usuarias, co fundamental obxectivo de atender definitiva e acaidamente as necesidades de mobilidade da poboación da comarca derivadas de razóns laborais, académicas, asistenciais, etc.

Segundo. Do mesmo xeito, demandamos a curto prazo a revisión do presente contrato así como a revisión dos convenios dos concellos no transporte metropolitano asinado coa Xunta e provocados pola delegación do Concello de Ferrol”

A Sra. Alcadesa opina que é evidente a despoboación que temos neste Concello, e a escaseza de xente que usa o transporte público, peron non se debe sacar o servizo sen ter outra alternativa. Di que está de acordo coa moción aínda que implique ir en contra da Xunta gobernada polo Partido Popular, pero que o primeiro é mirar polo ben do pobo, polo que van votar a favor.

O Sr. Carlos Castro pide que ás empresas concesionarias do transporte de viaxeiros en Galicia se lles faiga cumprir os mínimos, que non o están a facer. Hay concellos con outros problemas, máis graves que o noso, pero estase vendo que hai alumnos de aquí que se tivesen transporte público axeitado poderían desprazarse a concellos limítrofes a facer ciclos formativos. O mesmo pasaría para poder ir traballar fóra de

Cariño. Di que globalmente a comarca vese afectada pola carencia de transporte axeitado, e Cariño máis aínda por estar máis alonxado.

O Sr. Alonso Pumar, di que está de acordo coa moción, que isto en unha parte pequena dun problema grande, que é o do transporte público en Galicia. No seu día, isto xa se demandou á Xunta de Galicia xunto con outros alcaldes da comarca que se chegaron a pechar na Consellería e se lles acusou de escrache. Di que actuaran como representantes dos veciños da comarca e nin nos escoitaron. Di tamén que ten comentado con outros alcaldes as diferencias que hai se comparamos Cedeira -da comarca de Ferrol- que ten transporte metropolitano, con Cariño e Ortigueira que seguen illados e mal comunicados. En tema de transporte e comunicacións queda moito por facer.

Sometida a votación a moción, o Pleno por unanimidade ACORDA:

Primeiro. O Pleno do Concello, á vista dos problemas que está a padecer o servizo de transporte público de viaxeiros a nosa comarca que afecta directamente ao conxunto dos nosos veciños e veciñas, acorda demandar da Xunta unha urxente solución á citada problemática; concretada especialmente no reforzo e adaptación de servizos en horas que demandan os colectivos de usuarias, co fundamental obxectivo de atender definitiva e acaidamente as necesidades de mobilidade da poboación da comarca derivadas de razóns laborais, académicas, asistenciais, etc.

Segundo. Do mesmo xeito, demandamos a curto prazo a revisión do presente contrato así como a revisión dos convenios dos concellos no transporte metropolitano asinado coa Xunta e provocados pola delegación do Concello de Ferrol.

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

-Carlos Castro realiza un **ROGO**: solucionar a falta de pediatra en agosto, e a estabilización do servizo durante o resto do ano.

A concelleira Laura García, di que coñecen o problema e que tentarán falar coa Directora do Centro de Saúde.

A Alcaldesa explica que a raíz do problema está na escaseza de pediatras en xeral, que non hai suficientes para atender á poboación, e os que hai prefiren coller praza donde hai máis nenos, e por comodidade para as súas vidas particulares.

-Carlos Castro pregunta polas actividades nos centros sociais das parroquias, ao que lle responden que xa están en marcha e en breve empezará o envellecemento activo.

- Carlos Castro manifesta a preocupación pola turbidez da auga, e pregunta si se vai amañar iso.

A Alcaldesa responde que o cambio dos filtros xa está licitado e espérase que con iso se solucione o da turbidez. Agora están publicadas as análises realizadas periodicamente, e tamén se deu conta na Xunta de

Goberno dos protocolos de actuación a seguir en todos os abastecementos municipais, e que están á súa disposición nos Servizos Técnicos Municipais.

O Sr. Castro pregunta polas palmeiras que se talaron total ou parcialmente na Praza Roxa, ao que a Sra. Alcaldesa lle responde que estaban infectadas por un bicho que lles pudre o tronco, polo que logo de revisalas se decidiu cortalas para evitar problemas de posibles derrumbes..

O Sr. Castro ROGA que se arranxen os paneis informativos municipais que hai en diferentes puntos do Concello, que están moi deteriorados e sería convinte arranxalos para poderse utilizar, xa que todo o mundo non ten acceso ás redes sociais informarse, sobre todo os maiores. Sería interesante tamén que para campañas electorais se habiliten zonas específicas para colocar carteles.

Roga tamén que se habiliten zonas de descanso con bancos en sendeiros municipais.

Pregunta se hai algo previsto para rematar o auditorio deste edificio, ao que se lle responde que de momento non hai, pero que se mirará, ao igual que o do sótano.

Para rematar, e abundando no tema do transporte público, quere transmitir queixas dos veciños e veciñas de Landoi polo mal servizo que teñen

-José M. Alonso en primeiro lugar quere manifesarlle a súa disposición e a dos seus concelleiros para falar da situación de obras que están en execución coma a do sótano ou outras, problemas xurdidos no seu día cos contratistas, etc.

En segundo lugar deséalle ao Concelleiro Manue Fraguela, moita sorte, e reseña que foi a renuncia máis rápida nas corporacións municipais.

Manifesta o seu acordo co tema do pediatra, se cadra a solución sería incentivar aos que veñen para aquí, e di que con quen hai que falar non é coa directora do centro de saúde, senón co coordinador da area sanitaria de Ferrol, Angel Facio, e que teñen o teléfono gravado no móbil de Alcaldía.

Pregunta cómo vai o da reversión dos terreos de Portos. Explica que él xa tivera unha reunión coa ministra, e que a resposta xa entrara por rexistro a finais de maio, e que había que solicitar a reversión por acordo plenario. No Pleno anterior a Alcaldesa dixo que os informes estaban, polo que non entende cómo non se trae a Pleno para solicitalo canto antes e evitar seguir pagando polo uso dos mesmos (mercado, festas, etc). Logo dun cruce de intervencións co portavoz do Bng, o Sr. Alonso dí que á Xunta non lle interesa porque así segue cobrando. Lembra que xa hai moito tempo o ex Alcalde Tallón, lle dixo que ese era un tema primordial para o Concello e que insistira na súa recuperación.

A colación do anterior, ROGA que canto antes se traiga a Pleno a solicitude de reversión dos terreos de Portos ao Concello, xa que senón vai pedir un Pleno extraordinario para tratar este asunto.

A Sra. Alcaldesa di que xa tivo reunións ao respecto co Xefe de Portos, e que se hai que ir máis arriba irá, pero hai que dar un tempo. O Sr. Alonso insiste en que non se contestou ao escrito do Ministerio. A Sra. Alcaldesa di que terán que revisalo a corto prazo, e continuar cos trámites.

O Sr. Alonso pregunta se a Traballadora Social segue de baixa e se se vai cubrir con alguén, ao que se lle contesta que sí está de baixa, e que se chamou aos integrantes da bolsa e non aceptou ninguén por estaren traballando. Só queda facer un proceso selectivo, que leva tempo, ou esperar que algún candidato quede libre a finais de ano.

Pregunta tamén como vai o proceso de consolidación. Respóndelle a Sra. Alcaldesa que algún proceso sí rematou e xa saíron nomeamentos, pero outros están pendentes que os tribunais resolvan alegacións.

Pregunta entón se a traballadora social que está de baixa, consolidou. Respóndenlle que sí, que estivo de alta unha temporada, e agora volve a estar de baixa.

Pregunta tamén cal é o plan de actuación contra os xabaríns. A Sra. Alcaldesa di que se van facer unhas batidas con cans e verase a súa eficacia, se non é suficiente solicitaríanse xaulas, pero hai que esperar o resultado tendo en conta que xa está aberta a caza, e pódense matar.

O Sr. Alonso dí que xa veu que se tramitan expedientes de limpeza de fincas, e espera que os veciños respondan sen ter que chegar ás multa, pois as fincas con maleza supoñen un perigo e serven de refuxio dos xabaríns. Di que espera que tamén se lle notifique á Xunta de Galicia o estado de abandono dos terreos que ten no Sagrón.

Continua agradecendo que a senda da Basteira se limpara.

En canto á limpeza da rede de saneamento pregunta qué tramo se limpou, e pide que se leve a cabo un mantemento regular do mesmo, que se debería facer a finais do verán, ao que se lle responde que desde o Hotel hasta aquí, e que a empresa que o fixo se sorprendeu ao atopar asfalto nos tubos.

Pregunta cando se van gravar en vídeo os plenos, e respóndelle a concelleira, que estiveron mirando opcións e presupostos e que se intentará facer o vindeiro exercicio.

Pregunta si se licitou a obra do Agader, e respóndaselle que sí.

Pregunta cómo está o de cambiar os filtros das depuradoras, pois xa se fixeran a tranferencia de crédito cando él era alcalde e hai que espabilar á empresa que o faiga antes de fin de ano, ao que se lle responde que está licitado, por segunda vez, xa que non se presentara ninguén na primeira licitación. Di a concelleira Sra. García, que estase a facer no prazo máis breve posible, pero que se tiveran feito o mantemento dos mesmos cando se tiña que facer non se chegaría á situación que tivemos.

Pregunta pola obra da R/ Dr. Soneira, si está licitada, ao que se lle resposta que está pendente da autorización de Augas de Galicia.

Pide que sigan coa tramitación das subvencións nominativas que se tiñan pedido á Deputación para cambiar os tellados do Polideportivo e da Casa da Cultura, ao que se lle responde que sí, pero que faltan autorizacións e financiación da aportación municipal.

Pregunta polas subvencións que había concedido para investimentos deportivos, si xa se executaron, ao que se lle resposta que moi ao pesar do grupo de goberno, houbo que renunciar ás mesmas porque non había de donde sacar a aportación municipal.

Entón pregunta por qué non se solicitou unha subvención ao 100% que sacou a Xunta para melloras de accesibilidade. A Alcaldesa di que xa se mirará.

Pregunta quén supervisa as obras que se están a facer, ao que lle responden que a Alcaldesa e a Concelleira, e o director de obra que é Igor Vergara. Continua decindo que o concelleiro de urbanismo anterior Alberto Iglesias, se lles ofrecera no seu día para calquera duda que tivesen e resulta que as empresas aínda o chaman a él, polo que non ve que haiba boa coordinación. Respóndenlle que iso é cousa das empresas que deberían chamar ao Concello antes que chamalo ao seu teléfono particular.

Pregunta si xa se designaron os festivos locais 2024, ao que se lle responde que sí, que se levou a Xunta de Goberno, porque non se podía esperar ao Pleno, e son o martes de entroido e o Carme.

Pregunta sobre o Pepri, se a arquitecta está ao tanto de cómo vai a tramitación, que hai que facer as notificacións, que é moito traballo pero o resultado será bon para todos, para tramitar subvencións, etc. Respóndaselle que sí, que se está coa tramitación.

En canto ao Xeoparque, recórdalle á Alcaldesa que él tamén era representante do Concello, que eran os dous, e recentemente houbo algunha reunión para a que non o avisaron. Pídelle que non se esqueza de avisalo, que hai que estar unidos porque agora é cando van empezar a vir cartos para a xestión, o mesmo que para ubicar centro de interpretación, etc. A Sra. Alcaldesa di que o centro de interpretación vai estar en Cariño, sí ou sí.. Continua o Sr. Alonso decindo que cando foi de nomealo non se cedeu un ápice, tiña que levar o nome do Cabo Ortegal, e di que en canto ao centro parece ser que van plantear dúas dous, un de interior e outro de costa. O de interior sería Moeche, e o da costa.....

E para rematar quere formular un rogo que tamén é consello, que non permitan que ninguén alleo ao concello conduza vehículos municipais, porque non os cubre o seguro e se pasa algo pódelle acarrear a Vd. Unha causa penal.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as vinteunha horas e trinta e cinco minutos.

A Alcaldesa
Asdo:- Ana M^a Fernández López

A Secretaria Acctal.
Asdo.- M^a Dolores Crego López